

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Personal

Relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de axente de desenvolvemento local (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000044

Mediante Decreto 656/2023, do 24 de marzo, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, apróbase a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de dunha (1) praza de persoal laboral fixo de Axente de Desenvolvemento Local, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de Axente de Desenvolvemento Local, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A2, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE
1	Sanz Giles, María Erika	***8574**	Sí

b) Persoas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Rejes Canoura, Isabel	***9463**	Si	- Non acredita a condición legal de discapacidade segundo establece a base 4.1 e 5.2g) das bases específicas	- O certificado de servizos prestados no Concello de Lugo aportado non acredita a totalidade do período alegado na relación de méritos (Anexo I)

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados, indicados no apartado de “Observacións” e que non se xuntou coa solicitude, da persoa aspirante excluída, para os efectos da súa valoración na fase de concurso, de ser o caso. A dita documentación deberá presentarse na sede electrónica do Concello das Pontes.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 27 de marzo de 2023
A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego
Ana María Pena Purriños

2023/2241